

OS PAPEIS DE INTERVENCIÓN



No pleno extraordinario para tratar a cuestión de confianza do alcalde, **a concelleira de Facenda entregoulle ao representante de AER un informe de intervención correspondente aos orzamentos do 2006.** Na súa intervención fixo mención a algunhas das cuestións que se mencionan en dito informe, e iso fixo que parte da cidadanía amosara o seu interese en coñecer dito informe (tamén algún membro dos outros partidos).

Pois ben, debemos aclarar en primeiro lugar que non entendemos cal foi a súa finalidade, porque **en ditos papeis non se di nada que en Redondela non se soubera;** aínda que é certo que ningún dos grupos políticos da corporación o fixo público. Pode que pretendara que fomos nós quen os fixeramos públicos, cousa curiosa porque o propio informe do interventor (que deberían ter lido os representantes do PP no seu momento) di expresamente:

"Copia do expediente completo do orzamento xeral, da documentación complementaria, e das súas modificacións, **DEBERÁ ESTAR A DISPOSICIÓN DO PÚBLICO** (a efectos informativos) DESDE A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA ATE O REMATE DO EJERCICIO ".

Parece que os representantes do PP no seu momento non leron este informe de intervención que nos facilitan aos cidadáns con sete anos de retraso.

A día de hoxe, todos vostedes, os implicados no goberno de Redondela dende hai case corenta anos, teñen coñecemento dese informe que nos facilitaron, polo que esperamos que, aínda con retraso, **teñan a valentía de publicalo nos seus espazos de comunicación.**

¿Queren que o publiquemos nós? Pois teñan claro que se vostedes non o publican, nós farémolo. **Entendemos que lle corresponde a vostedes, señores e señoras do PP, PSOE e BNG, pero se lles da vergonza, farémolo. Non só o informe de intervención, senón tamén a intervención dos grupos políticos no debate deses orzamentos, onde puxeron de manifesto que non tiñan lido ese informe, co cal non sabemos cualificar que é peor; se telo lido e non denunciado ou demostrar a incompetencia política, a irresponsabilidade e a deixadez por non lelo.**

Quedamos esperando para ver o grao de responsabilidade dos grupos que si estiveron presentes na votación dos orzamentos de 2006, tanto os que gobernaban como os que deberían exercer o seu deber de control.